

ANUNCIO

Proceso de selección para a provisión en propiedade da praza vacante con código 02.01.00.02, de Traballador/a Social, da Escala de Administración Especial, Clase Técnica, Grupo A, Subgrupo A2, mediante quenda libre, incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2019, publicada no DOG nº 32, de 17 de febreiro de 2020. Bases do proceso de selección publicadas no BOP de Pontevedra de 10 de marzo de 2022.

RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS 2º DO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN, EXENCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO, PUNTUACIÓNS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

O día 26 de outubro de 2022, reuniuse o tribunal de selección co obxecto de resolver as alegacións formuladas ao 2º exercicio da fase de oposición, outorgar a puntuación deste 2º exercicio, determinar a necesidade ou non de realizar a proba de galego e no seu caso, formular proposta de nomeamento.

ALEGACIÓNS FORMULADAS AO 2º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

O día 10 de outubro de 2022 publicouse a plantilla de respostas do 2º exercicio da fase de oposición, no taboleiro de anuncios electrónico e na páxina web: www.ponteareas.gal no apartado de emprego público. As persoas aspirantes tiñan un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación dos resultados no taboleiro de anuncios electrónico, para formular as alegacións que considerasen. O último día do prazo foi o 13 de outubro de 2022.

Dentro do prazo establecido presentáronse alegacións polas seguintes persoas candidatas:

- Bouzón Vila, Tamara (13.10.2022 con rexistro de entrada nº 5803)
- González Lago, Lucía (13.10.2022 con rexistro de entrada nº 5804)
- Carrera Martínez, Lara (13.10.2022 con rexistro de entrada nº 5100)

Os membros do Tribunal de Selección acordan por unanimidade resolver as alegacións tal como se indica deseguido:

Alegacións formuladas por Bouzón Vila, Tamara:



Solicita a eliminación das preguntas 7 e 8 do 2º debido a que ditas axudas de emerxencia municipal non estaban incluídas no temario comprendido nas bases do proceso de selección publicadas no BOP de Pontevedra de 10 de marzo de 2022.

Contestación do Tribunal:

Tal como establece a base 8ª das bases de selección, o segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio de carácter práctico: consistirá en desenvolver un ou varios exercicios prácticos ou realizar a tarefa ou tarefas que propoña o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario establecido no anexo, e con respecto as tarefas propias da praza convocada no prazo de tempo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

Respecto das tarefas propias da praza convocada, tal como determina a Relación de postos de traballo do Concello de Ponteareas (aprobada o 26 de decembro de 2018), entre as funcións do posto está colaborar na xestión e tramitación de axudas económicas do eido competencial dos servizos sociais.

No temario do proceso de selección, o tema 7 engloba o epígrafe do “Municipio e as súas competencias”, e os temas 21 a 23 aos servizos sociais de Galicia, os servizos comunitarios básicos e específicos e o Plan Concertado.

O artigo 25.2 e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que é competencia propia dos municipios nos termos que estableza o lexislador sectorial, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no artigo 2 que enténdese por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos expresados no artigo seguinte. Integra o sistema galego de servizos sociais o conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública como de titularidade privada, acreditados e concertados pola administración nos termos establecidos na presente lei.

No artigo 21.2 a Lei 13/2008 sinala que teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais as axudas de emerxencia e necesidade social. E nos artigos 60 a 62 regúlanse as competencias municipais.

En base ao exposto, os concellos poden outorgar axudas de emerxencia social. As preguntas nº 7 e nº 8 adecúanse ás funcións da praza que é obxecto de convocatoria e teñen relación co temario. Desestímase a alegación.

Alegacións formuladas por González Lago, Lucía:



Solicita a anulación da pregunta número 8, debido a que ditas axudas de emerxencia municipal non estaban incluídas no temario comprendidas nas bases do proceso de selección.

Solicita a anulación da pregunta número 14, onde se establece na plantilla provisional a opción correcta, a D, e sendo correctas todas, xa que todos son centros incluídos no catálogo de servizos de dependencia, incluído os centros de día para persoas con discapacidade, sendo este un centro de día de atención especializada, xa que a discapacidade require dunha atención especializada.

Contestación do Tribunal:

Non procede a anulación da pregunta nº 8, os concellos poden outorgar axudas de emerxencia social. A pregunta nº 8 adecúanse ás funcións da praza que é obxecto de convocatoria e ten relación co temario. Desestímase a alegación en base aos fundamentos e motivacións que se indicaron na contestación á alegación de Bouzón Vila, Tamara.

Respecto da alegación á pregunta nº 14, o artigo 15 da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, establece o catálogo de servizos, sen que estea incluído un centro de día para persoas con discapacidade. Desestímase a alegación.

Alegacións formuladas por Carrera Martínez, Lara:

-La pregunta numero 2 remite al decreto mencionado en la pregunta nº 1 del examen. El Decreto 163/2021, de 25 de noviembre, por el que se establecen ayudas sociales de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de jubilación e invalidez, en su modalidade no contributiva, a favor de personas perceptoras de las pensiones del fondo de asistencia social y de las personas beneficiarias del subsidio de garantía de ingresos mínimos, establece en su exposición de motivos que tendrán derecho a la percepción de una prestación única no superior a doscientos diez (210) euros. Sin embargo, es el artículo 3 del decreto el que fija la cuantía individual de estas ayudas en 206 euros, que se abonarán mediante un pago único, que se realizará de oficio, sin que se precise solicitud de la persona interesada. Por lo tanto, ninguna de las respuestas planteadas por el tribunal es cierta ya que la cuantía se fija en 206 euros en pago único. Solicita a anulación da pregunta nº 2.

-Relativo a la pregunta número 7, la norma que regula las ayudas de emergencia mencionada fue publicada en el BOPPO nº 31 del 14 de febrero de 2017: ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL



DO CONCELLO DE PONTEAREAS. El artículo 17.4 da ordenanza indica que la instrucción de la misma será: 4.—Unha vez que estea completo o expediente, o departamento de Servizos Sociais, remitirao xunto coa valoración e proposta, nun prazo máximo de 15 días naturais dende a súa recepción no rexistro, a Xunta de Goberno Local para a súa resolución. Este artículo establece el plazo máximo en 15 días NATURALES. La respuesta dada como cierta por el tribunal es la A, 15 días hábiles. Se debe dar como correcta la respuesta B: 15 días naturales.

Contestación do Tribunal:

Estímase a alegación formulada respecto da anulación da pregunta nº 2. Ningunha das respostas dadas polo Tribunal é correcta. Tal como indica o art. 3 do Decreto 163/2021, de 25 de novembro, a contía individual das axudas fíxase en 206 euros. Procede a anulación da pregunta nº 2 e queda substituída pola primeira pregunta de reserva que é a nº 13.

Estímase a alegación formulada respecto da resposta correcta á pregunta nº 7. Na plantilla de respostas debe figurar a resposta B. O artigo 17.4 da Ordenanza municipal establece 15 días naturais.

En resumo, a resolución das alegacións supón os seguintes cambios:

- Anulación da pregunta nº 2 que queda substituída pola primeira pregunta de reserva que é a nº 13.
- A resposta correcta á pregunta nº 7 é a B.

De conformidade co sinalado, as puntuacións das persoas aspirantes que superan o 2º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN SON AS SEGUINTEs:

| ASPIRANTE | DNI | ACERTOS | PUNTUACIÓN |
|------------------------------------|-------------|--------------------------------|--------------|
| 1. ÁLVAREZ CERNADAS LETICIA | X5.XX3.X72X | 7 acertos, 3 mal e 2 en branco | 3,002 puntos |
| 2. BOUZA PIÑÓN, LORENA | X6.XX7.X04X | 10 acertos e 2 mal | 4,668 puntos |
| 3. BOUZÓN VILA TAMARA | X6.XX2.7X5X | 8 acertos, 1 mal e 3 en branco | 3,834 puntos |



| | | | |
|--|-------------|----------------------------------|---------------|
| 4. CARRERA MARTÍNEZ LARA | X4.8XX.50XX | 12 acertos | 6,000 puntos |
| 5. CRISTÓBAL LIMÉS OLALLA | X6.1XX.84XX | 8 acertos, 2 branco, 2 mal | 3,668 puntos |
| 6. DA COSTA FERNÁNDEZ, MARÍA ISABEL | X5.5X7.4XXX | 10 acertos, e 2 en branco | 5,000 puntos |
| 7. MÍGUEZ BUGALLO LORENA | X7.X05.X6XX | 8 acertos , 3 en branco e 1 erro | 3,834 puntos |
| 8. PARREÑO USATORRE MARTA | X9.X65.XX7X | 9 acertos e 3 erros | 4,000 puntos |
| 9. PÉREZ RODRÍGUEZ ELISABETH | X5.XX3.98XX | 10 acertos e 2 en branco | 5,00 puntos |
| 10. RIAL MARTÍNEZ JORGE | X6.XX7.X51X | 10 ben, 2 en branco | 5,000 puntos. |
| 11. SESTELO FANDIÑO ESTEFANÍA | X5.5X5.3X1X | 10 acertos, 2 mal | 4,668 puntos |
| 12. VIDAL COSTAS MARÍA | X5.58X.XX5X | 8 acertos, 2 mal e 2 en branco | 3,668 puntos |

Decláranse aspirantes NON APTOS do segundo exercicio da fase de oposición e polo tanto quedan eliminadas, aquelas persoas aspirantes que non acadaron 3 ou máis puntos:

| ASPIRANTE | DNI |
|-------------------------------|-------------|
| GONZÁLEZ LAGO LUCÍA | X9.XX0.6X5X |
| RODRÍGUEZ GONZÁLEZ ANA | X3.1X9.XX8X |
| VELASCO AMIGO ANDREA | X6.X43.XX4X |

EXENCIÓN DO 3º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

As bases de selección establecen que o terceiro exercicio de carácter obrigatorio e non eliminatorio só para aqueles aspirantes que non acrediten



estar en posesión do nivel CELGA 4, ou equivalente, xunto coa solicitude de participación . Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal. Cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos. Quedan exentas desta proba as persoas aspirantes que acrediten o Celga 4, outorgándoseles a cualificación máxima.

O Tribunal de Selección comproba que todas as persoas aspirantes que superaron o 2º exercicio da fase de oposición teñen o CELGA 4, polo que quedan exentas da proba e outórgaselles 2 puntos.

PUNTUACIÓN FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

As bases establecen que finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio no taboleiro de edictos, sede electrónica e páxina web municipal) a puntuación final total dos/ as candidatos/as que teñan superado o proceso selectivo, cunha relación dos/as finalmente seleccionados/as para a ocupación da vacante convocada. Propoñendo, asemade, o nomeamento como funcionarios/as de carreira da clase técnica da escala de administración especial, grupo A subgrupo A2, en igual número ás vacantes convocadas, en base á puntuación acadada polos/as aspirantes; proposta que se elevará á Alcaldía, para que, con arranxo ás competencias recoñecidas ao efecto, proceda a resolver o ditos nomeamentos.

En base ao anterior, a puntuación final obtida polos aspirantes que superaron o proceso selectivo, é a seguinte:

| ASPIRANTE | CONCURS O | 1º EXERC. | 2º EXERC. | 3º EXERC. | PUNTUACIÓ N FINAL |
|---|--------------|-----------|-----------|-----------|----------------------|
| 1. RIAL MARTÍNEZ JORGE | 10,00 | 15,33 | 5,000 | 2,00 | 32,330 |
| 2. BOUZÓN VILA TAMARA | 9,70 | 14,00 | 3,834 | 2,00 | 29,534 |
| 3. CARRERA MARTÍNEZ | 7,75 | 13,73 | 6,000 | 2,00 | 29,480 |
| 4. PÉREZ RODRÍGUEZ ELISABETH | 10,00 | 11,33 | 5,00 | 2,00 | 28,330 |
| 5. BOUZA PIÑÓN, LORENA | 10,00 | 10,80 | 4,668 | 2,00 | 27,468 |
| 6. CRISTÓBAL LIMÉS OLALLA | 9,60 | 12,13 | 3,668 | 2,00 | 27,398 |
| 7. DA COSTA FERNÁNDEZ, MARÍA ISABEL | 7,95 | 11,60 | 5,000 | 2,00 | 26,550 |



| | | | | | |
|--|-------|-------|-------|------|--------|
| 8. MÍGUEZ BUGALLO LORENA | 10,00 | 10,40 | 3,834 | 2,00 | 26,234 |
| 9. ÁLVAREZ CERNADAS LETICIA | 10,00 | 10,93 | 3,002 | 2,00 | 25,932 |
| 10. SESTELO FANDIÑO ESTEFANÍA | 6,00 | 11,47 | 4,668 | 2,00 | 24,138 |
| 11. PARREÑO USATORRE MARTA | 5,00 | 11,47 | 4,000 | 2,00 | 22,470 |
| 12. VIDAL COSTAS MARÍA | 5,40 | 11,33 | 3,668 | 2,00 | 22,398 |

PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Tendo en conta canto antecede, o tribunal de selección **propón a Alcaldía o nomeamento de RIAL MARTÍNEZ JORGE como funcionario de carreira** da clase técnica da escala de administración especial, grupo A subgrupo A2, traballador social, para ocupar a praza con código código 02.01.00.02.

Deberá presentar dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Ponteareas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Certificado médico oficial sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación incompatible coas funcións a desempeñar, sen prexuízo da posibilidade de posterior recoñecemento.
- Para cidadáns con nacionalidade española: declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das Comunidades autónomas, nin de encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpo ou escala de funcionario ao que pertence a praza.
- Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.
- Número de conta bancaria IBAN.
- Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.



- Certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcadesa) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

O secretario do tribunal

Carlos López Quintáns

Documento asinado electronicamente

